DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 55 Xoves, 20 de marzo de 2014 Páx. 11865

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*RESOLUCIÓN do 10 de marzo de 2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se procede a designar os membros e facer pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2012/13.*

En virtude da autorización conferida pola disposición derradeira primeira da Orde do 18 de febreiro de 2014 (*Diario Oficial de Galicia* do 28), pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2012/13, e de conformidade co establecido no artigo 8 desa orde, en relación coa composición do xurado de selección encargado da análise e valoración das solicitudes,

DISPOÑO:

Primeiro. Designar os membros do xurado de selección que deberá analizar e valorar as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2012/13 e facer pública a súa composición que é a que figura no anexo a esta resolución.

Segundo. Por proposta do xurado de selección poderanse designar os especialistas necesarios para que asesoren o xurado de selección na valoración dos méritos dos aspirantes.

Terceiro. Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2014

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO

Xurado de selección.
Presidenta: M. Carmen Cimadevila Cea, subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, por delegación do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

CVE-DOG: tgshm0h9-z0h2-l9m0-uni2-c29dym540a85

Vogais:

M. Eugenia Pérez Fernández, subdirectora xeral de Formación Profesional.

Manuel Avelino Insua Hermo, xefe do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

Jesús Manuel Rodríguez Buján, xefe do Servizo de Ordenación e Formación Profesional.

Elisa Isabel Amoedo Barciela, inspectora de Educación.

Félix Perujo de Llano, inspector de Educación.

José Luis Vázquez Fernández, inspector de Educación.

Secretario: Miguel Ángel Rodríguez Méndez, funcionario da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que actuará con voz e sen voto.

CVE-DOG: tgshm0h9-z0h2-l9m0-uni2-c29dym540a85